

Asunto: Proposta de nomeamento das persoas titulares e suplentes para formar parte da comisión de selección para a contratación temporal polo concello de Meis de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020.

Con **data de 16 de xuño de 2020** o Concello de **Meis** solicitou ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a comunicación do nome de persoas titulares e suplentes para formar parte do tribunal cualificador que se reunirá para valorar os méritos e xulgar os exercicios do proceso selectivo para a contratación temporal polo concello de **Meis** de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020.

De conformidade co disposto no artigo 13 c) da devandita Orde, a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O concello de **Meis**, atópase comprendido dentro das demarcacións obxecto de intervención dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio.

Á vista do exposto, esta xerencia, no uso das facultades que lle confire o artigo 20.1 dos Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e ao abeiro da delegación de competencias do seu Comité Directivo de 6 de marzo de 2015 (DOG núm. 52, do 17/03/2015).



RESOLVE:

1. Propoñer para formar parte da comisión de selección que se reunirá para valorar os méritos e xulgar os exercicios do proceso selectivo para a contratación temporal polo concello de **Meis** de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, ao abeiro da Orde de 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020, ás seguintes persoas:

Titular:

Oralice Silva Demaraes. Técnica Superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Vilagarcía DNI: 35476934D

Suplentes:

M^a Marina Barral Tomé. Técnica Superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Vilagarcía DNI: 32645514G

Olga García Vila. Técnica superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Vilagarcía DNI: 36013953R

2. Comunicar a presente resolución ao Concello de **Meis** así como ás persoas propostas que, unha vez designadas para formar parte do referido tribunal cualificador, estarán autorizadas para a realización de todos aquelas funcións que abrangan esta designación.

En Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muiños

(PD do Comité Directivo de 06/03/2015
DOG núm. 52 de 17/03/2015)

